

 <p><b>Concello de Vigo</b> XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO LICENZAS</p>	<p><b>EXPEDIENTE:103457/421</b> <b>TIPO EXPTE:</b> Inicio do procedemento de elaboración da Ordenanza reguladora para a instalación de ascensores en fachada de edificios construídos de uso residencial no termo municipal de Vigo.</p>
---	--

## CONSULTA PREVIA

**Con data 21/02/2020 a Concelleira Delegada da Área de Urbanismo resolveu, mediante Decreto, incoar o expediente administrativo para a tramitación e aprobación da “Ordenanza reguladora para a instalación de ascensores en fachada de edificios construídos de uso residencial no termo municipal de Vigo”**

De acordo coa normativa de aplicación, darase conta ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en relación ó inicio das actuacións previas á elaboración da “Ordenanza reguladora para a instalación de ascensores en fachada de edificios construídos de uso residencial no termo municipal de Vigo” consistentes en:

**PRIMEIRO:** Abrir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para a elaboración e aprobación da “Ordenanza reguladora para a instalación de ascensores en fachada de edificios construídos de uso residencial no termo municipal de Vigo”, a través do enderezo <https://consulta.vigo.org>, durante o prazo de **vinte días**, por remisión do artigo 83 do mesmo corpo legal, para que a cidadanía, as organizacións e as asociacións que así o consideren, poidan facer chegar as súas opinións sobre os aspectos que figuran recollidos no anexo I do presente acordo.

**SEGUNDO:** Dar traslado deste acordo na sede electrónica e no portal da transparencia.

**TERCEIRO:** Publicar o presente acordo na sede electrónica e no portal da transparencia.

Non obstante, este informe non é vinculante e o órgano competente poderá decidir, co seu superior criterio, o que estime conveniente.

## ANEXO I

### **ELABORACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA PARA A INSTALACIÓN DE ASCENSORES EN FACHADA DE EDIFICIOS CONSTRUIDOS DE USO RESIDENCIAL NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO.**

#### **TRÁMITE DE CONSULTA PÚBLICA PREVIA AO PROCEDEMENTO DE ELABORACIÓN DA NORMA**

De conformidade co disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, con carácter previo á elaboración dos proxectos ou anteprojectos da lei e regulamentos, formularase unha consulta pública para recabar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma, lévase a cabo a consulta previa no procedemento para a modificación da Ordenanza reguladora do rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras do Concello de Vigo.

A) Antecedentes da norma	<p>O Concello de Vigo desenvolve no ámbito da competencias legalmente atribuídas, a actividade de control e intervención en materia urbanística. Segundo o artigo 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.</p> <p>A presente norma ten o seu encaixe no marco europeo e estatal en materia de rehabilitación así coma no marxe da estratexia Europa 2020 aprobada polo Consello Europeo de 17 de xuño de 2010, entre outros.</p> <p>A lei 8/2013 de 26 de xuño de Rehabilitación, Regeneración e Renovación Urbanas permite a ocupación de superficies de espazos libres o de dominio público que resulten indispensables para a instalación de ascensores u outros elementos cando non resulte viable técnica nin economicamente ningunha outra solución nas zonas comúns da edificación.</p> <p>O Texto refundido da lei do solo e rehabilitación urbana, aprobado por RDLegislativo 7/2015 de 30 de decembro regula as condicións, entre outras, do fomento das actuacións que conducen á rehabilitación dos edificios, rexeneración e renovación urbanas, cando sexan necesarias para garantir ós cidadáns unha adecuada calidade de vida e a efectividade de disfrutar dunha vivenda digna e adecuada.</p> <p>O art 13.2 da Ley 1/2019, de 22 de abril, de Rehabilitación y de regeneración y renovación urbanas en Galicia, establece a posibilidade de ocupar as superficies de espazos libres ou de dominio público que resulten indispensables para a instalación de ascensores u outros elementos que garantan a accesibilidade universal</p>
B) Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa	<p>Incorporar as previsións normativas en materia de accesibilidade universal e non discriminación de persoas con discapacidade.</p> <p>Condicións de aplicación na instalación de torres de ascensores no marco da nova normativa.</p> <p>Garantir unha actuación uniforme por parte dos servizos municipais dotando de maior seguridade xurídica a este tipo de instalacións.</p>
C) Necesidade e oportunidade da súa aprobación	<p>Faise necesaria a aprobación desta Ordenanza municipal sobre rehabilitación de edificios que recolla e dea cumprimento aos novos requisitos e esixencias que regula a lexislación tanto</p>

**Concello de Vigo**

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
LICENZAS

**EXPEDIENTE:103457/421**

**TIPO EXPTE:** Inicio do procedemento de elaboración da Ordenanza reguladora para a instalación de ascensores en fachada de edificios construídos de uso residencial no termo municipal de Vigo.

	estatal coma autonómica na materia.
D) Obxectivos da norma	Mellora da accesibilidade universal.
E) Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias	<p>A solución alternativa non regulatoria pasaría pola discriminación das persoas con discapacidade no seu dereito constitucional regulado no artigo 47, que ademáis de garantir o dereito a gozar dunha vivenda digna e adecuada, insta ós poderes públicos a promover as condicións necesarias e establecer as normas pertinentes para facer efectivo ese dereito.</p> <p>A opción regulatoria, ademais de ser a máis garante para a seguridade xurídica, ofrece tamén a oportunidade de de levar a cabo unha política de integración das persoas con discapacidade, amparándoas especialmente para o goce dos dereitos que o Título I outorga a todos os cidadáns</p>